

Alicia Boole Stott (Cork, Irlanda, 1860-Inglaterra, 1940)



Foi unha matemática irlandesa coñecida polas súas contribucións á Xeometría en catro dimensións e pola súa capacidade para visualizar seccións tridimensionais de poliedros de catro dimensións.

Acuñou a palabra «*politopo*» para un poliedro en dimensión arbitraria.

Entre 1880 e 1890 Alicia Boole obtivo que en catro dimensións os politopos regulares son seis (en tres dimensións hai cinco), cuxas caras son, respectivamente, de 5, 16 e 600 tetraedros, de 8 cubos, de 24 octaedros e de 120 dodecaedros.

En 1910 foi a primeira persoa en determinar os 45 politopos semirregulares en catro dimensións.

A Universidade de Groningen honrouna ao convidala ao tricentenario da súa fundación e nomeala doutora honoris causa en 1914.